



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE SETEMBRO DE 2014

LICENZAS.- FAVORABLES.-

LIC/354/2013.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder a licenza para executar as obras de acondicionamento como sala de exposición da sala de armas e anexos do Pazo de Xelmírez sito na Praza do Obradoiro.

LIC/811/2014.- MANUEL PINTOS SOÑORA.- Conceder a prórroga para remate das obras da construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Son de Abaixo.

2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a prórroga de licenza de obras para vivenda unifamiliar illada no lugar de Son de Abaixo, en Santiago de Compostela.

A Xunta de Goberno aprobou a prórroga de tres anos dunha licenza de obras para permitir o remate dunha vivenda unifamiliar no lugar de Son de Abaixo, da parroquia de San Caetano.

3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a modificación de licenza de obras, acondicionamento como sala de exposición da sala de armas e anexos do Pazo de Xelmírez, na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela.

Aprobouse a modificación da licenza de obra concedida no seu día á Fundación Catedral de Santiago de Compostela para axustala ás obras finalmente acometidas para o acondicionamento como sala de exposición de dependencias do Pazo de Xelmírez, sito na Praza do Obradoiro.

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Santiago para acondicionamento dunha zona de descanso de peregrinos, parque público e parque infantil en Angrois.

Apróbase o convenio a subscribir coa Deputación de Pontevedra mediante o que este organismo provincial, a través da súa Escola de Canteiros en Poio, achegará un conxunto de pezas traballadas en granito para a súa colocación no futuro parque de Angrois.

O traballo de cantería incluírá un muro de apoio e contención; unha fonte integrada no muro, de 1,5 metros de altura con pila en forma de vieira; seis bancos –dous deles integrados no propio muro- dúas mesas de 80 cm de altura; e 20 m² de pavimento de cantaría para a elaboración dun pequeno camiño. O custo estimado é de 7.625 euros, incluíndo materiais e traballo, por conta da Deputación de Pontevedra.

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á subsanación de erratas da notificación do acordo da Xunta de Goberno de 23.7.14, relativa á aceptación da cesión de ADIF de terreos en Angrois, así como novo requerimento a ADIF da presentación da documentación referida no informe de patrimonio de 11.9.14.

Acórdase emendar un erro material producido con anterioridade en relación coa denominación dos predios cedidos no seu día polo ADIF para a construción deste espazo de lecer e de convivencia. En relación con esa cesión, requirese ao ADIF para que presente un documento complementario necesario para poder escriturar as parcelas a nome do concello.

6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á autorización da prórroga do contrato de servizo de verificacións externas do art. 13 do Regulamento (CE) 1828/2006 no marco do programa URBANA SANTIAGO NORTE formalizado coa empresa AT Consultores & Auditores pólo prazo dun ano a contar dende o 21.9.14.

Acordouse prorrogar durante 1 ano o contrato inicialmente subscrito por 4 anos (con AT Consultores & Auditores por importe de 35.400€) para a verificación externa do programa Urbana Santiago Norte.

7.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Patrimonio relativa á aceptación da cesión de dous cadros pintados por dona María Jesús Reboredo Calvo, a inscrición destes no Libro inventario de bens do concello e notificación á interesada desta aceptación gratuíta.

O Concello acepta a doazón de dous cadros da pintora María Jesús Reboredo Calvo, nacida en Madrid, aínda que veciña desta cidade desde a súa infancia. Trátase de dúas composicións panorámicas, realizadas en óleo, pintadas na década dos 90: un titulado “Compostela desde o Sarela” e outro co título “Compostela desde o Sar”, ambos coa medida de 215x70 cm. e formados por tres lenzos unidos entre sí.

8.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade relativa a nomeamento de substituto de director de contrato de mantemento, conservación e arranxo de sinalización horizontal e vertical.

Acórdase o nomeamento dun funcionario municipal adscrito ao Servizo de Mobilidade e Seguridade para substituír ao director do contrato, un posto que xa viña desempeñando outro funcionario coa mesma capacitación técnica.

9.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración para 2014 entre o Concello de Santiago e a ASOCIACION COMPOSTELANA DE ESCLEROSE MULTIPLE (ACEM).

Apróbase o convenio coa Asociación Compostelana de Esclerose Múltiple por importe de 2.700 euros, con destino a colaborar cun programa de rehabilitación logopédica.

10.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración para 2014 entre o Concello de Santiago e a FUNDACION DOWN COMPOSTELA.

Apróbase o convenio coa Fundación Down Compostela por importe de 6.000 euros, para dar cobertura económica a un programa de lecto-escritura.

11.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración para 2014 entre o Concello de Santiago e a ASOCIACION REDMADRE CORUÑA.

Apróbase o convenio coa Asociación Red Madre da Coruña por importe de 3.000 euros, dirixido ao desenvolvemento dun programa de emerxencia social no concello de Santiago.

12.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais dando conta da liquidación pola Consellería de Traballo e Benestar do 2º trimestre en concepto de persoas dependentes atendidas no servizo municipal de Axuda no Fogar.

Por parte do Departamento de Servizos Sociais deuse conta da achega da Xunta de Galicia –a través da Consellería de Traballo e Benestar- para contribuír ao financiamento do Servizo Municipal de Axuda no Fogar no 2º trimestres deste ano. Son 86.388 euros que se engaden aos 82.088 euros achegados para o 1º trimestre, que fan un total de 168.476 euros.

13.- Propostas da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativas a diversas axudas de carácter social.

Acordouse a denegación da solicitude de 3 axudas de carácter social ao abeiro do Proxecto de Medidas de Apoio para a Prevención e Integración Social (MAPIS).

14.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á aprobación da terceira prórroga do servizo de dinamización e xestión de actividades nos locais municipais de música para a xuventude de Compostela, polo período do 19 de setembro ao 19 de outubro de 2014, así como a autorización do gasto.

Acordouse a prórroga por 1 mes, ou polo tempo mínimo indispensable mentres no se peche o contrato de adxudicación, do servizo de dinamización e xestión de actividades nas salas para ensaios musicais existentes nos baixos do Estadio de San Lázaro.

15.- Proposta de diversas concellerías relativas a recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Afecta a un total de 9 facturas de diferentes acredores, por un importe global de 119.497 euros.

16.- Proposta do concelleiro-secretario da Xunta de Goberno relativa á corrección de erro material cometido na Acta da sesión de data 23.7.14.

Corríxese o erro.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Réxime Interior e Administración Pública relativa a expediente de ampliación de sistema de información contable do Concello de Santiago de Compostela, sistema de tramitación dixital dos documentos contables e dixitalización de facturas.

O acordo supón a renuncia a asinar a un contrato para implantar un sistema dixital para a tramitación de facturas por ser coincidente co obxecto dun convenio de colaboración que está previsto asinar coa Xunta de Galicia coa mesma finalidade.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Réxime Interior e Administración Pública relativa á resolución de recurso especial en materia de contratación sobre os traballos actualizados do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construción.

Acordouse desestimar o recurso especial de contratación presentado por unha das empresas que concorrían á licitación convocada no pasado mes de xuño para a contratación dos traballos actualizados do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construción.